

INFORMACIÓN XERAL SOBRE AS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CURSO 2024/2025

RENOVACIÓNS E INSCRICIÓNS

RENOVACIÓNS

As renovacións serán **AUTOMÁTICAS**. Aquelas persoas que non desexen continuar nalgunha actividade na que estaban inscritas deben enviar o formulario de **baixa** antes do día **19 de xullo**.

NOVAS INSCRICIÓNS

Do 15 de xullo ó 9 de agosto.

As solicitudes poden presentarse no rexistro telemático, [a través da Sede electrónica do Concello de Brión](#). Estas tamén se poden entregar de xeito presencial na Oficina de Rexistro da Casa do Concello. Tamén se poden presentar a través de calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das AAPP.

Para máis información pódese chamar ao número de teléfono do Departamento de Cultura e Deportes, o 981 509908, ou ben enviar un correo electrónico aos enderezos cultura@concellodebrion.gal e deportes@concellodebrion.gal

En caso de solicitar a inscrición en máis dunha actividade, cubrirase **só unha folia para todas as actividades**.

DATAS E PRAZOS

Unha vez rematado o prazo de inscrición, **as listas serán publicadas nas seguintes datas:**

- **Lista provisional** de persoas admitidas, non admitidas e lista de agarda:
Semana do 9 de setembro

- Prazo de **reclamacións**: ata o **20 de setembro**
- **Lista definitiva** de persoas admitidas, non admitidas e en lista de agarda: **Semana do 23 de setembro**.
- **Inicio das actividades**: **1 de outubro**

A aparición na lista definitiva de persoas admitidas implica estar xa matriculado/a na actividade. En caso de non querer asistir a algunha das actividades haberá que **solicitar a baixa por escrito antes do 15 de outubro**.

As solicitudes de baixa presentaranse no rexistro telemático, [a través da Sede electrónica do Concello de Brión](#). Estas tamén se poden entregar de xeito presencial na Oficina de Rexistro da Casa do Concello. Tamén se poden presentar a través de calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das AAPP.

PERIODO EXTRAORDINARIO: 2º CUATRIMESTRE

No caso de quedar prazas libres para o segundo cuatrimestre (febreiro a xuño), poderase solicitar a **inscrición nas actividades nas que queden prazas**, pagando só a cota correspondente a este segundo cuatrimestre.

En todo caso, a solicitude deberá presentarse **antes do día 1 de febreiro**.

INICIO DAS ACTIVIDADES E PERIODO DE PROBA

As actividades comezan o **1 de outubro** no primeiro cuatrimestre e o **1 de febreiro** no segundo.

Establécese un **periodo de proba de 15 días**, ata o 15 de outubro e o 15 de febreiro, no que se poderán dar de baixa sen ter que pagar a cota. **As baixas que se tramiten despois** deste período de proba **deberán pagar o prazo correspondente da cota**.

PAGO DAS COTAS

O pago das cotas faise en **dous prazos**.

Para realizar o pago das cotas só hai dúas opcións:

Domiciliación do pago: hai que solicitar e cubrir a folia de domiciliación.

Pago non domiciliado en dúas cotas:

As cotas pagaranse nos meses de outubro-décembro e febreiro- abril.

Enviaranse por correo postal os recibos para realizar o pago desde o Departamento de Tesourería municipal, **non podendo pagar a cota antes de recibir a comunicación no domicilio**. Na comunicación xa figurarán as instrucións para realizar o pago.

NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Estas **táboas, horarios e lugares de realización das actividades** que presentamos son **orientativos**, podendo sufrir variacións en función da demanda das actividades.

As **idades** márcanse **por ano de nacemento e/ou curso escolar**. Os grupos de idade son de referencia. Poderíanse realizar **cambios de grupo** en función da **experiencia** na actividade, o **nivel** ou a **progresión** da persoa participante ou do **número** de persoas inscritas segundo o **criterio do/a monitor/a** da actividade.

Aquelas actividades que non teñan suficientes persoas inscritas poderán ser suprimidas, polo que o horario poderá ser redistribuído.